

A complex network of blue lines and dots, resembling a web or a molecular structure, is overlaid on the white background. The lines connect various points, creating a dense, interconnected pattern that is most prominent on the left side of the page.

V PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA

2023 - 2026



XUNTA
DE GALICIA

Autores

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Deseño e maquetación

VINCUSYS | vincusys.com

Depósito legal C 1378-2023

Ano e lugar

2023 - Santiago de Compostela

V Plan director da cooperación galega (2023-2026)

Aprobado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) o 14 de febreiro de 2023, polo Consello da Xunta de Galicia o 2 de marzo de 2023 e polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño de 2023.

A network diagram consisting of numerous blue nodes connected by thin blue lines, forming a complex web. A large, solid blue circle is positioned in the upper-middle section of the image, containing the word 'ÍNDICE' in white, bold, uppercase letters.

ÍNDICE

ÍNDICE

Acrónimos e siglas	4
Introdución	6
Misión e visión	11
Ámbitos estratéxicos	13
Prioridades xeográficas, transversais e colectivos prioritarios	17
Prioridades xeográficas	18
Prioridades transversais	18
Colectivos prioritarios	21
Capacidades e axentes galegos de cooperación	23
Marco de resultados de xestión	25
R.X.1. A cooperación galega alíña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e cos ODS	26
R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia	26
R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas	27
R.X.4. Os axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS	28
R.X.5. Os axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade para a consecución dos ODS	29
R.X.6. A cidadanía galega e os axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS	30
Modalidades e instrumentos de axuda	31
Convocatorias públicas en concorrencia competitiva	32
Outros instrumentos: convenios e cooperación técnica	33
Xestión do coñecemento, avaliación e rendición de contas	34
Marco orzamentario	36
Marco de resultados e indicadores	38



**ACRÓNIMOS
E SIGLAS**

ACRÓNIMOS E SIGLAS

AECID	Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
AE	Ámbito estratéxico
AOD	Axuda oficial ao desenvolvemento
CGONGD	Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
Congacode	Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento
DXRREE E UE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Egaex	Estratexia galega de acción exterior
Fondo Galego	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
IDH	Índice de desenvolvemento humano
LA	Liña de acción
ODS	Obxectivos de desenvolvemento sustentable
ONGD	Organización non governamental de desenvolvemento
PALOP	País africano de lingua oficial portuguesa
PMA	Países menos adiantados
RGCUD	Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento
RX	Resultado de xestión

A background network diagram consisting of numerous blue dots (nodes) connected by thin blue lines (edges), forming a complex web of connections. A large, solid blue circle is centered in the upper half of the page, overlapping the network.

INTRODUCCIÓN

1. En 2022, conmemorouse o trinta aniversario do inicio da acción solidaria global da Xunta de Galicia coas comunidades e pobos empobrecidos. Nestas tres décadas, a sociedade galega, a través dos seus poderes públicos, apoiou a política pública de cooperación para o desenvolvemento humano sustentable, en canto expresión do seu compromiso solidario coa xustiza global. Integrada na acción exterior da Comunidade Autónoma, esta política pública contribúe de xeito corresponsable á erradicación da pobreza nas súas múltiples dimensións, á redución das desigualdades, á realización efectiva dos dereitos humanos, ao apoio aos modelos de produción e consumo sustentables, á loita contra o cambio climático e á promoción dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.

2. O grao de madurez acadado polo sistema galego de cooperación demandou a actualización do seu marco normativo, regulado pola Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. Tras un proceso participativo amplo, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O seu título VIII reflicte os avances e os progresos experimentados polo sistema galego de cooperación internacional para o desenvolvemento, que deron lugar a unha

cooperación galega máis especializada sectorial e xeograficamente, con maior complementariedade e coordinación eficaz co Estado e coa Unión Europea e con maior valor engadido e capacidade para acadar os resultados de desenvolvemento establecidos na Axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas. Por outra banda, para adaptarse á complexidade e á especificidade dos contextos de traballo en cooperación e acción humanitaria, na lei establécese unha renovada regulación da xestión económica das axudas que lles facilita unha maior flexibilidade e operatividade aos axentes de cooperación, imprescindible para lograr unha maior eficacia, eficiencia e impacto no logro dos resultados das actuacións financiadas con recursos públicos da cidadanía galega.

3. O contexto actual espreguizou a conciencia e a urxencia dunha acción colectiva que afronte en man común a resolución creativa, solidaria, pacífica, sustentable e con visión a longo prazo dos ameazantes riscos existenciais que afronta a humanidade e o planeta, como os atrancos á redución da pobreza e da fame, a pandemia da covid-19 e as ameazas á saúde global, os efectos negativos do cambio climático, o aumento das desigualdades e as violencias, as crises humanitarias, as consecuencias trágicas da mobilidade humana e das migracións e os procesos regresivos para a democracia e os

dereitos humanos. A experiencia compartida de vulnerabilidade e fragilidade que implicou a pandemia da covid-19 tamén nutre esta conciencia da complexidade dos problemas globais, da nosa común interdependencia e da mutua responsabilidade, na procura de alternativas viables e sustentables ao actual modelo hexemónico de desenvolvemento.

4. De feito, a pandemia da covid-19 e as súas consecuencias negativas motivaron que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) promovese a elaboración participativa dunha estratexia específica de resposta que permitiu, grazas á adaptación flexible do seu marco de resultados, prorrogar a vixencia do IV Plan director da cooperación galega (2018-2021) ata o ano 2022. Unha prolongación xustificada tamén polo actual proceso de reforma da arquitectura do sistema español de cooperación, que determinará un renovado marco de complementariedade e coordinación da acción solidaria global do Estado, que pon en valor a cooperación descentralizada autonómica e local, as súas vantaxes comparativas e os seus impactos na promoción global do desenvolvemento humano sustentable.

5. Situados na década de acción para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS), este V Plan director aspira a acelerar a contribución de Galicia á Axenda 2030 de desenvolvemento susten-

table das Nacións Unidas, co que se une ao resto de estratexias e iniciativas promovidas desde a Administración autonómica e local, no marco da coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable. Deste xeito, dáselle continuidade ao anterior plan director no seu obxectivo de xerar cambios positivos e sustentables nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países cos que se asocia a cooperación galega, promovendo alianzas para a conservación do noso planeta, a construción da paz, a realización dos dereitos humanos e a prosperidade compartida.

6. Tal e como establece o artigo 83 da Lei 10/2021, o V Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento determinará o marco estratéxico desta política pública autonómica para o quadrienio 2023-2026. Co fin de reforzar o diálogo de políticas e o protagonismo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode), creouse unha comisión específica que dinamizou o proceso de planificación estratéxica e promoveu unha participación plural, activa e inclusiva dos axentes de cooperación. Xa que logo, este plan director é o resultado do proceso de diálogo e consulta promovido pola Xunta de Galicia para consensuar os resultados esperados, as prioridades xeográficas e sectoriais, as modalidades, os instrumentos, os procesos de avaliación e os seus recursos orzamentarios.

7. Este V Plan director xorde nun contexto de incerteza económica e financeira derivado das consecuencias da pandemia da covid-19 e da inestabilidade internacional provocada pola agresión rusa a Ucraína, circunstancias que non impediron un crecemento sostido e significativo do orzamento autonómico no eido da cooperación internacional nos últimos catro anos. Deste xeito, estase a avanzar cara ao cumprimento da aspiración colectiva da cidadanía galega de destinar

o 0,7 % dos orzamentos da Xunta de Galicia á axuda oficial ao desenvolvemento, tal e como establece a disposición adicional quinta da Lei 10/2021.

8. Este novo ciclo de planificación cuadrienal da cooperación galega baséase nunha actualización do anterior marco estratéxico e en reforzar os seus principais elementos artelladores coas seguintes características:

a) O aliñamento coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas e os ODS.

b) A continuidade co V Plan director e o seu deseño estratéxico con base no modelo de **xestión orientada a resultados de desenvolvemento, realizando unha revisión dos seus ámbitos estratéxicos e do marco de resultados e identificando os procesos que reforzan a **identidade, as vantaxes comparativas e o valor engadido** da cooperación galega.**

c) A garantía da pre-visibility dos recursos dispoñibles no marco dun crecemento do programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia no horizonte do 0,7.

d) A recuperación da dotación orzamentaria do programa 331A previa á crise económica e financeira iniciada no ano 2009.

e) A xeración de incentivos para a actuación dos axentes de cooperación nos países menos adiantados (PMA) ou cun índice de desenvolvemento humano (IDH) baixo, en África, e na atención aos colectivos máis vulnerables.

f) A **elaboración participativa de estratexias específicas** nas prioridades da cooperación galega.

i) A **mellora da xestión do coñecemento** a través de procesos de avaliación máis estratéxicos e orientados á aprendizaxe.

g) O **reforzamento da promoción dunha conciencia solidaria na cidadanía galega** e a súa participación nas accións de solidariedade no eido local e global para a transformación social.

j) A **promoción dunha participación ampla e activa** dos axentes galegos de cooperación durante a súa execución, en coherencia cos principios dunha política pública participativa e participada.

h) A **ampliación do marco instrumental** da cooperación galega para aumentar o impacto e o alcance no logro de resultados das intervencións financiadas.

k) A **transparencia e a rendición de contas activa á cidadanía galega** dos seus logros na consecución dos ODS e do cumprimento dos resultados definidos participativamente no plan director.

9. A política pública de cooperación da Xunta de Galicia baséase na aprendizaxe e na mellora continua, de tal xeito que este plan director se constrúe sobre os logros dos anteriores plans directores e a execución da estratexia de resposta á covid-19 da cooperación galega. Ao tempo, intégrase no marco definido pola Estratexia galega de acción exterior (Egaex) e fundaméntase nos resultados da avaliación intermedia e final do IV Plan director da cooperación galega (2018-2021). Por último, asume os referentes

normativos, estratéxicos e operativos no ámbito internacional, europeo e estatal no eido da acción exterior solidaria, a cooperación para o desenvolvemento humano sustentable, a acción humanitaria e a educación para a cidadanía global e a transformación social.



**MISIÓN
E VISIÓN**

10. Este plan director explica cal é a **misión** da cooperación galega:

Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e favorecer modelos de produción e de consumo sustentables para a conservación do planeta. As accións da cooperación galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sustentables e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sustentable dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e as accións de solidariedade no ámbito local e global.

11. E expresa a súa **visión** do proceso de desenvolvemento humano sustentable:

A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa sexa deixada atrás —especialmente as mulleres, a infancia e os colectivos máis vulnerables—, onde a prosperidade sexa compartida por todas as persoas e comunidades, que respecte e conserve o planeta, onde se consolide e se constrúa a paz baseada na xustiza e nos dereitos humanos e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo.

12. Esta misión e visión da cooperación galega complementábase cos principios, obxectivos e criterios da política pública de cooperación descritos nos artigos 80, 81 e 82 da Lei 10/2021 do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

The image features a background of a network diagram with blue lines and nodes. A large, solid blue circle is positioned in the upper-middle section, containing the text 'ÁMBITOS ESTRATÉGICOS' in white, bold, uppercase letters.

ÁMBITOS ESTRATÉGICOS

13. A cooperación galega contribúe activamente á consecución da Axenda 2030 e aos ODS con base nas súas capacidades, activos e recursos. Os sete ámbitos estratéxicos seleccionados salientan o valor diferencial e a especialización coherente da cooperación galega e dos axentes galegos de cooperación, en diálogo e alianza cos seus socios de

desenvolvemento. Complementados coas prioridades transversais definidas no artigo 85.4 da Lei 10/2021 e descritos na sección 4.2 deste plan director, os ámbitos estratéxicos abranguen as cinco esferas da Axenda 2030: persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariados/alianzas.

AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.

AE 4. Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.

AE 7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

AE 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.

AE 5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.

AE 3. Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o empoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.

AE 6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e co fomento da resiliencia.

14. Estes sete ámbitos estratéxicos serán o destino, como mínimo, do 90 % do total da axuda desembolsable da DXRREE e UE aos axentes de cooperación, consonte o seguinte rango orientativo de distribución:


	ÁMBITOS ESTRATÉXICOS	RANGO %
1	Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	60-75 %
2	Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	60-75 %
3	Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.	60-75 %
4	Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.	60-75 %
5	Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.	60-75 %
6	Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e co fomento da resiliencia.	10-15 %
7	Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	10-15 %

15. Os ámbitos estratéxicos, pola súa vez, contribúen á consecución dos seguintes ODS:

	ÁMBITOS ESTRATÉXICOS	ODS
1	Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 13
2	Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	1, 2, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15

ÁMBITOS ESTRATÉXICOS		ODS
3	Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.	3, 5, 10, 16
4	Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.	16
5	Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.	6, 7, 9, 11, 12, 13, 14, 15
6	Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e co fomento da resiliencia.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 10, 13, 16
7	Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	4, 13, 16, 17

16. A cooperación galega, a través da DXRREE e UE, seguirá destinando como mínimo un 20 % da súa axuda oficial ao desenvolvemento (AOD), que se destina sectorialmente aos servizos sociais básicos, en cumprimento do compromiso 20/20 establecido no Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Social de Copenhague do ano 1995.



**PRIORIDADES
XEOGRÁFICAS,
TRANSVERSAIS
E COLECTIVOS
PRIORITARIOS**

4.1. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS

17. O V Plan director recoñece como prioritarios os seguintes 11 países:

- **África Subsahariana:** Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique
- **América Central:** Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador
- **América do Sur:** Bolivia, Ecuador e Perú
- **Caribe:** República Dominicana

18. A selectividade xeográfica da axuda galega xerou unha concentración en países de ingreso medio baixo e alto en América Latina, mentres que Mozambique e Guinea Bissau quedaron como PMA dentro dos países prioritarios. Co fin de promover unha maior atención ás necesidades específicas dos PMA e dos países cun IDH baixo, en diálogo cos axentes galegos de cooperación estableceranse incentivos nas bases de convocatorias para fomentar a reorientación xeográfica progresiva da cooperación galega. Neste sentido, os PMA ou países cun IDH baixo seguirán a recibir, como mínimo, a mesma valoración ca os países prioritarios nas bases das convocatorias de axudas de proxectos de cooperación no exterior. Ao tempo, a cooperación galega seguirá apoiando singularmente a poboación saharauí e a poboación palestina.

19. Como mínimo, o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento da DXRREE e UE concentrarase nos

11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina. Os PMA e os países cun IDH baixo serán o destino, como mínimo, do 20 % do total da axuda desembolsada no exterior en cooperación e acción humanitaria.

20. As alianzas de traballo cos países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP) constitúen un dos valores diferenciais da cooperación galega, en liña co interese estratéxico que representa o ámbito lusófono de África subsahariana para a acción exterior galega, tal e como establecen a Estratexia galega de acción exterior, o Horizonte post 2020 da Xunta de Galicia e o artigo 3 da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Deste xeito, recoñécese a Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique como países prioritarios, polo valor e a experiencia de traballo da cooperación galega cos seus socios de desenvolvemento nestes países.

4.2. PRIORIDADES TRANSVERSAIS

21. O artigo 85.4 da Lei 10/2021 establece que as actuacións da cooperación galega deberán integrar as seguintes prioridades de xeito transversal: a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción

da interculturalidade, a equidade e a loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

1. A erradicación da pobreza multidimensional

22. A política pública de cooperación sitúa no seu centro a erradicación da pobreza en todas as súas dimensións, sen deixar a ningún atrás, para garantir o dereito a unha vida digna de todas as persoas, así como o dereito ao desenvolvemento humano sustentable de todos os países e pobos.

2. A igualdade de xénero

23. As actuacións e os instrumentos da cooperación galega integrarán de forma sistémica e transversal a perspectiva de xénero, cun enfoque feminista, interseccional, decolonial e de diversidade, e orientada á participación e ao apoderamento das nenas, adolescentes e mulleres; á garantía e ao exercicio pleno dos seus dereitos, incluídos os dereitos sexuais e reprodutivos, e á súa axencia. Abordaranse as causas estruturais das desigualdades de xénero promovendo a eliminación de toda forma de discriminación e violencia contra as mulleres e a transformación das relacións de poder, das estruturas patriarcais e das formas de opresión que perpetúan as desigualdades de xénero. As intervencións deberán integrar diagnósticos de xénero no seu deseño e tomarán en

consideración na súa execución e avaliación o impacto diferenciado que poden ter as intervencións sobre as mulleres e os homes, así como nas relacións entre ambos para a construción dunha cultura de igualdade. Ao tempo, apoiarase o fortalecemento das organizacións feministas e de mulleres e a súa capacidade de acción e autoorganización.

3. A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático

24. As actuacións da cooperación galega integrarán medidas que apoiem modelos de desenvolvemento baixo en carbono, de economía circular e resilientes ao cambio climático e que promovan a recuperación da biodiversidade e a xestión sustentable dos recursos naturais. Así, fomentaranse sistemas que aposten por introducir cambios nos nosos hábitos de consumo, minimizando a necesidade de extracción de recursos naturais e reducindo a cantidade de residuos xerados. Impulsarase o emprego de índices ambientais, realizaranse diagnósticos ambientais, incentivarase o uso de tecnoloxías apropiadas e as enerxías limpas e renovables e promoverase o comercio xusto, o consumo responsable e as compras de bens e a utilización de servizos acreditados con certificacións ou selos que garantan o cumprimento de determinados criterios de sustentabilidade e xustiza ambiental e social. Así mesmo, recoñecerase o papel das per-

soas defensoras da natureza e do territorio e dos pobos indíxenas e comunidades tradicionais e promoverase a protección tanto da súa cultura coma do seu territorio e medios de vida.

4. O enfoque baseado en dereitos humanos

25. As persoas que participen nas actuacións da cooperación galega serán recoñecidas como titulares de dereitos e liberdades. Promoverase a protección, defensa e realización dos dereitos humanos individuais e colectivos orientados ao apoderamento das persoas e comunidades e á súa participación activa e plena na vida social, política, económica e cultural. Ao tempo, contribuirase a que as persoas e as institucións titulares de obrigas melloren as súas capacidades para o cumprimento das súas responsabilidades e a promoción e protección dos seus dereitos. Neste sentido, a promoción e a protección dos dereitos da infancia en todas as súas dimensións, incluída a súa participación activa, serán obxecto dunha especial atención nas actuacións da cooperación galega, así como na identificación, deseño e execución das intervencións financiadas.

5. O respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade

26. As actuacións da cooperación galega respectarán o dereito das persoas á súa identidade propia en todas as súas dimen-

sións. Ademais, promoverán o dereito das persoas, pobos e minorías á defensa e á promoción da súa lingua, cultura e identidade cultural. Nas súas actuacións, a cooperación galega respectará a diversidade cultural, protexerá o patrimonio material e inmaterial e fomentará o diálogo e a convivencia intercultural. Ao tempo, combaterase o racismo e a xenofobia e as dinámicas e contextos de exclusión, discriminación, marxinación ou persecución das persoas e minorías a causa da súa identidade cultural, lingüística, relixiosa ou sexual. A identificación, o deseño, a execución e a avaliación das actuacións tomarán en consideración as identidades e as culturas das persoas e comunidades nas que se desenvolven.

6. A equidade e a loita contra as desigualdades

27. As actuacións da cooperación galega promoverán un desenvolvemento con equidade orientado á diminución das desigualdades mediante a promoción dos dereitos, oportunidades, opcións e dignidade das persoas. Á vez, ampliaranse as oportunidades das persoas para acadar un desenvolvemento equitativo, reduciranse as desigualdades promovendo o recoñecemento social e legal dos dereitos e o exercicio de poder e apoiaranse medidas e políticas públicas redistributivas e sistemas e mecanismos de cohesión social.

7. A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil

28. As actuacións da cooperación galega fomentarán a apropiación democrática dos procesos de desenvolvemento a través da promoción activa da participación cidadá e da sociedade civil organizada, cunha atención especial á promoción activa da participación da infancia e dos colectivos prioritarios deste plan director. Fortalecerase a súa capacidade para participar nos procesos de decisión colectiva, exercer o seu dereito de control dos poderes públicos, comprometerse cos bens comúns e públicos, mellorar a gobernanza democrática das institucións, xerar conciencia crítica e coñecemento colectivo e reforzar a súa resiliencia. Ao tempo, as actuacións da cooperación galega promoverán o fortalecemento das capacidades da Administración pública nos países e comunidades socias, co fin de fomentar o bo goberno, a gobernabilidade democrática e o estado de dereito, a participación cidadá, así como a modernización da estrutura e os sistemas de xestión do sector público. Ademais, en todos os seus eidos de actuación, a cooperación galega impulsará activamente a tecnoloxía para o desenvolvemento humano sustentable e as súas ferramentas (licenzas copyleft, software libre, bases de datos abertas etc.), de tal xeito que se empreguen as tecnoloxías apropiadas a cada contexto cultural, social e xeográfico, co fin


de aumentar as capacidades e os coñecementos de todas as persoas e comunidades, o que evitará dependencias tecnolóxicas e permitirá gañar en liberdade e autonomía nos procesos de desenvolvemento individuais e colectivos.

4.3. COLECTIVOS PRIORITARIOS

29. A cooperación galega integra o principio universalista de "non deixar a ninguén atrás" da Axenda 2030 das Nacións Unidas e identifica os seguintes grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que demandan unha atención preferente:

- As nenas, adolescentes e mulleres e persoas LGTBIQ+, particularmente as que vivan en zonas empobrecidas e sen recursos e que poidan ser obxecto de múltiples discriminacións.
- A infancia, adolescencia e mocidade, especialmente aquela en risco ou con diversidade funcional e en situación de explotación infantil ou de exclusión en todas as súas dimensións.
- A poboación indíxena e/ou afrodescendente e as minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.
- As persoas con diversidade funcional, as persoas maiores dependentes e as persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.

- As persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de represión, persecución e regresión democrática e autoritarismo, con restrición dos dereitos e das liberdades fundamentais.
- A poboación migrante, refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables e prioritarios deste plan director. Dentro deste grupo, a cooperación galega seguirá apoiando singularmente a poboación saharauí e a poboación palestina e aquelas outras afectadas por conflitos armados e crises esquecidas.
- As persoas e os grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que se visen máis afectados pola pandemia da covid-19 ou por emerxencias globais.

A background network diagram consisting of numerous blue dots (nodes) connected by thin blue lines (edges), forming a complex web of connections. A large, solid blue circle is centered in the upper half of the image, containing the title text.

**CAPACIDADES
E AXENTES
GALEGOS
DE COOPERACIÓN**

30. No capítulo V da Lei 10/2021 descríbense cales son os axentes galegos de cooperación, as súas obrigas, as súas características específicas e as achegas ao sistema galego de cooperación. Do conxunto de axentes, as ONGD e a Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) son recoñecidas como interlocutoras permanentes da Xunta de Galicia no eido da cooperación para o desenvolvemento. Esta condición é compartida coas entidades locais e as súas organizacións representativas, como a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Canda elas, as universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento (RGCUD) tamén realizan unha achega relevante para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación. Por outra banda, a cooperación galega seguirá a manter as alianzas de traballo coas axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais ou organizacións que as representen en España, especialmente no eido da acción humanitaria e na formación de persoas expertas en cooperación ao desenvolvemento, ao abeiro da convocatoria específica de bolsas de formación. Ao tempo, recoñécese a achega que outros axentes realizan á cooperación galega desde o seu ámbito de especialización, promovendo a innovación ao servizo do logro dos ODS e o fomento da prosperidade compartida nos países e comunidades socias.

31. A cooperación galega desenvolverá medidas que faciliten a posta en valor da experiencia dos diferentes axentes de cooperación e que fortalezan a súa capacidade. Ademais, seguirá promovendo a complementariedade entre os actores e axentes de cooperación a través do impulso da súa coordinación, colaboración e concertación. Ao tempo, dotarase dun marco orzamentario que garanta a previsibilidade dos recursos e instrumentos, a solvencia financeira e a viabilidade operativa como instrumento ao servizo da súa sustentabilidade institucional e o financiamento de actuacións de capacitación e formación especializada dirixida aos axentes galegos de cooperación.

A background network diagram consisting of numerous blue dots (nodes) connected by thin blue lines (edges), forming a complex web of connections. A large, solid blue circle is centered in the upper half of the page, containing the title text.

**MARCO
DE RESULTADOS
DE XESTIÓN**

R.X.1. A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉGICO E OPERATIVO COA AXENDA 2030 E OS ODS

L.A.1.1. Contribuír á coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable en todos os niveis da Administración pública galega

32. A DXRREE e UE participará activamente nas iniciativas e espazos da Xunta de Galicia para a implementación e logro da Axenda 2030, como a Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia. Ao tempo, asumirá o impulso proactivo da coherencia de políticas, promovendo a participación e o diálogo cos axentes de cooperación nos eidos da súa responsabilidade, consonte o carácter participado e participativo da política pública de cooperación, tal e como establece a Lei 10/2021.

L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento

33. Daráselles continuidade aos grupos de traballo específicos, como o de educación para a cidadanía global, e valorarase a continuidade da comisión dinamizadora do proceso de elaboración do plan director para o acompañamento dos procesos de avaliación e xestión do coñecemento desenvolvidos ao abeiro deste. Tamén se valorará a creación de grupos de traballo específicos en acción humanitaria e emerxencias.

L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios e a solvencia da cooperación galega

34. No horizonte do 0,7 %, o Programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (8.915.485 €). Garantirase, ademais, un crecemento anual deste programa igual ou superior ao incremento porcentual anual dos gastos non financeiros xerais previstos na devandita lei.

En liña cos anteriores plans directores da cooperación galega, executarase como mínimo o 95 % do orzamento operativo anual da DXRREE e UE previsto nos plans anuais da cooperación galega.

L.A.1.4. Promover a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación

35. A DXRREE e UE promoverá activamente a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación para o desenvolvemento e fomentará a previsibilidade dos seus desembolsos, e integraraos no marco orzamentario dos plans anuais da cooperación galega.

R.X.2. A COOPERACIÓN GALEGA CONCENTRA A SÚA AXUDA CON CRITERIOS DE EFICACIA

L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina

36. Como mínimo, o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrarase nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.

L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destine aos países menos adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo

37. No marco da reorientación xeográfica progresiva da cooperación galega e en diálogo cos axentes de cooperación, estableceranse incentivos para que, como mínimo, un 20 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE en cooperación e acción humanitaria sexa destinada aos países menos adiantados ou cun IDH baixo.

L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais

38. Durante a vixencia do V Plan director, promoveranse programas no exterior e de educación para a cidadanía global, co fin de mellorar o alcance e o impacto das actuacións financiadas e de aumentar a duración e a media de financiamento das intervencións en cooperación exterior e educación para a cidadanía global.

R.X.3. A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS ÁMBITOS ESTRATÉXICOS NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS

L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior

39. Como mínimo, o 60 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destínase aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento. Ao tempo, promoverase a elaboración participativa de estratexias específicas, que se definirán en diálogo cos axentes de cooperación, cunha atención especial aos dereitos humanos e ao enfoque de xénero e feminista. As estratexias basearanse nun diagnóstico participativo das actuacións desenvolvidas e das capacidades existentes no sistema galego de cooperación e integrarán a identificación de aprendizaxes e recomendacións para o fortalecemento dos axentes de cooperación en Galicia e nos países e comunidades socias.

L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade

40. Como mínimo, o 20 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE no exterior destinarase á acción humanitaria. Ao tempo, subscribiranse convenios con axentes especializados en acción humanitaria para

a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación migrante, refuxiada e desprazada. E daráselle continuidade á colaboración co fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) ou instrumentos análogos.

L.A.3.3. Mellorar a calidade e o impacto da educación para a cidadanía global

41. Como mínimo, o 15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global. Estas medidas complementaranse co financiamento de programas de educación para a cidadanía global.

R.X.4. OS AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS

L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española

42. A DXRREE e UE seguirá a participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española, como os encontros anuais de comunidades autónomas e cooperación para o desenvolvemento ou a Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento Sustentable e a Solidariedade Global. Ao tempo, contribuí-

rá á planificación e ao sistema de xestión de coñecemento da cooperación española e ao seu compromiso coa transparencia e rendición de contas, especialmente a través do envío a info@od de datos e información rigorosa sobre a AOD da Xunta de Galicia.

L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos axentes galegos de cooperación

43. As convocatorias de axudas establecerán incentivos para a actuación conxunta e complementaria dos axentes de cooperación. A DXRREE e UE promoverá e apoiará as alianzas de traballo multiactor con outros axentes galegos de cooperación nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios. Neste sentido, reforzarse o diálogo co Fondo Galego, a Fegamp e as administracións locais galegas para a apertura de espazos de colaboración que poñan en valor a experiencia e o saber facer da cooperación local, as súas redes de traballo e os seus programas de cooperación técnica.

L.A.4.3. Impulsar a colaboración cos axentes de cooperación da lusofonía

44. A DXRREE e UE apoiará as actividades dos axentes galegos de cooperación nas que participen axentes de cooperación da lusofonía, dando continuidade e ampliando as experiencias previas do Fondo Galego, da Coordinadora Galega de ONGD e das universidades galegas integradas na Rede galega

de cooperación universitaria para o desenvolvemento.

R.X.5. OS AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS

L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento

45. Durante a vixencia deste plan director, daráselles prioridade ás asistencias técnicas no eido da avaliación e xestión do coñecemento para o reforzamento da capacidade da DXRREE e UE.

L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, do Fondo Galego e das universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento

46. Seguiranse apoiando, a través de cadanseu convenio anual, a Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego e as universidades públicas galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.

L.A.5.3. Apoiar a formación e a capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación

47. A DXRREE e UE financiará a realización de actividades de capacitación e formación especializada para o reforzamento da capa-

cidade dos axentes galegos de cooperación a través de dous medios: os convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, co Fondo Galego e coa Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento e as convocatorias de axudas en concorrencia competitiva, que inclúen a posibilidade de financiar este tipo de actividades. Daráselle continuidade á convocatoria anual das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación ao desenvolvemento, co fin de promover o desenvolvemento da carreira profesional no eido da cooperación e de fornecer os axentes de cooperación de persoal técnico especializado.

L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos axentes de cooperación

48. Promoverase a aprendizaxe colectiva do conxunto de axentes da cooperación galega a través da realización de encontros públicos de socialización, presentación de resultados e rendición de contas. Ao tempo, financiarase a convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas e os plans anuais da cooperación galega integrarán un plan anual de avaliación e estudos. O conxunto de insumos que integran a xestión do coñecemento da cooperación galega (memorias anuais, avaliacións, investigacións, etc.) serán accesibles á cidadanía e divulgados publicamente.

L.A.5.5. Darlle continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes de cooperación

49. Os proxectos financiados pola DXREE e UE subvencionarán a contratación de persoal técnico especializado, co límite do 70 % do custo total do proxecto. Os axentes de cooperación deberán respectar a lexislación laboral vixente tanto nos países socios coma en Galicia, promovendo a calidade na contratación, o traballo decente, a conciliación e a igualdade de xénero e de oportunidades.

L.A.5.6. Facilitar o acceso dos axentes galegos de cooperación a fontes de financiamento nacional e internacional

50. A DXRREE e UE apoiará financeiramente os actores e axentes galegos que procuren financiamento no eido nacional e internacional nos ámbitos estratéxicos en países prioritarios da cooperación galega, ben a través de convenios específicos ou de convocatorias públicas en concorrencia competitiva.

L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega

51. Como mínimo, o 75 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE aos axentes de cooperación canalizarase a través de convocatorias públicas.

R.X.6. A CIDADANÍA GALEGA E OS AXENTES DE COOPERACIÓN ACCEDEN A UNHA INFORMACIÓN DE CALIDADE SOBRE OS LOGROS COLECTIVOS DA COOPERACIÓN GALEGA NA CONSECUCIÓN DOS ODS

L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación

52. A DXRREE e UE continuará co seu compromiso coa transparencia e a rendición de contas á cidadanía acerca do valor, do impacto e dos resultados de desenvolvemento da cooperación galega. A páxina web da cooperación galega actualizarase permanentemente, o que permitirá o acceso da cidadanía á información relativa ás actividades de cooperación e aos documentos producidos no eido da planificación, seguimento e avaliación.

L.A.6.2. Render contas á cidadanía galega e aos axentes de cooperación sobre os resultados da política pública de cooperación

53. A DXRREE e UE promoverá a realización dunha análise externa intermedia de seguimento e unha avaliación final externa, participativa e independente da execución do V Plan director da cooperación galega. Os seus resultados serán difundidos publicamente e presentaranse no Parlamento de Galicia, xunto co informe anual de execución do plan director. Ao tempo, renderanse contas e presentaranse os resultados da cooperación galega aos axentes de cooperación no Congacode.

The image features a background network of blue nodes and lines. A large, solid blue circle is positioned in the upper-middle section, containing the text 'MODALIDADES E INSTRUMENTOS DE AXUDA' in white, bold, uppercase letters. The text is centered within the circle and arranged in three lines.

**MODALIDADES
E INSTRUMENTOS
DE AXUDA**

54. A cooperación galega seguirá a canalizar de xeito maioritario a súa axuda a través de convocatorias públicas de axudas en concorrencia competitiva dirixidas aos axentes de cooperación. Como mínimo, o 75 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE aos axentes de cooperación tramitarase a través de convocatoria pública.

7.1. CONVOCATORIAS PÚBLICAS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA

55. A previsión orzamentaria indicativa establecida neste plan director permitirá a convocatoria das seguintes axudas:

- 1. Programas no exterior e de educación para a cidadanía global**
- 2. Proxectos no exterior de ONGD**
- 3. Proxectos no exterior doutros axentes**
- 4. Microproxectos no exterior**
- 5. Proxectos de acción humanitaria de ONGD**
- 6. Proxectos de educación para a cidadanía global de ONGD**
- 7. Proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación de grupos e centros de investigación das universidades galegas**
- 8. Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional**

56. Con relación ás convocatorias, establécense os seguintes principios xerais de calidade e transparencia:

- A DXRREE e UE promoverá o diálogo cos axentes de cooperación sobre a mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda, abrindo procesos participativos na fase de deseño e revisando previamente a publicación das convocatorias.
- Todas as convocatorias deben centrarse preferentemente nos ámbitos estratéxicos, nas prioridades xeográficas e transversais e nos colectivos prioritarios.
- Todos os formularios integrarán un apartado para a valoración das prioridades transversais.
- Estudárase aumentar a media de financiamento dos proxectos individuais nas diferentes convocatorias en diálogo cos axentes de cooperación.
- Durante a vixencia do V Plan director, revisarase as bases das convocatorias en diálogo cos axentes de cooperación para definir as áreas de especialización e valor engadido con relación ás capacidades, traxectoria e experiencia de axentes, cunha activa vinculación cos ámbitos estratéxicos da cooperación galega.
- Todas as convocatorias de axudas a axentes de cooperación publicaranse preferentemente no primeiro trimestre do ano.
- Todas as convocatorias de axudas a axentes de cooperación conterán incentivos para promover a complementariedade e a actuación conxunta entre os axentes.

- Manterase o criterio de subvencionar os recursos humanos especializados ata o 70 % do total do custo do proxecto.
- Todas as convocatorias favorecerán a especialización dos axentes de cooperación.
- En todas as convocatorias se esixirá a inscrición previa no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, consonte o establecido no seu regulamento.
- Todas as propostas presentadas ás convocatorias serán avaliadas externamente, a non ser que existan capacidades específicas na DXRREE e UE, de xeito rigoroso, obxectivo e con criterios de calidade.
- A valoración global das propostas será pública e os axentes poderán acceder ás valoracións particulares dos seus proxectos.
- Cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.
- Sempre que se acorden accións conxuntas nos ámbitos estratéxicos da cooperación galega con entidades que, pola súa natureza, non se poden acoller ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias.
- Cando a DXRREE e UE ou o sector público autonómico promovan proxectos ou programas multiactor nos ámbitos estratéxicos en países prioritarios da cooperación galega.
- Cando se cofinancien proxectos dos axentes galegos de cooperación nos ámbitos estratéxicos en países prioritarios da cooperación galega que fosen aprobados por outras axencias doadoras nacionais ou internacionais.

7.2. OUTROS INSTRUMENTOS: CONVENIOS E COOPERACIÓN TÉCNICA

57. A cooperación galega canaliza recursos a través da cooperación directa promovida polo sector público autonómico. A través de convenios de cofinanciamento, fináncianse actividades que non poden ser sufragadas a través das convocatorias públicas de axudas en concorrencia competitiva. Este instrumento empregárase nos seguintes casos:

- Cando a urxencia e a excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.

58. A cooperación galega fomentará a cooperación técnica por parte do sector público autonómico e a Administración local, as universidades galegas e outros axentes especializados e con experiencia neste eido, mediante o asesoramento de persoal técnico especialista, a consultoría técnica, a prestación de traballo de persoal experto ou a provisión de servizos especializados.

A background network diagram consisting of numerous blue dots (nodes) connected by thin blue lines (edges), forming a complex web of connections. A large, solid blue circle is centered in the upper half of the image, containing white text.

**XESTIÓN
DO COÑECEMENTO,
AVALIACIÓN
E RENDICIÓN
DE CONTAS**

59. Tal e como establece o artigo 86 da Lei 10/2021, a DXRREE e UE promoverá a aprendizaxe colectiva e o fortalecemento da capacidade para a xestión do coñecemento dos axentes de cooperación. Con este fin, financiaranse aqueles estudos e investigacións que retroalimenten a mellora continua do sistema galego de cooperación. Do mesmo xeito, promoverase a rendición de contas á sociedade galega a través da avaliación do plan director, dos instrumentos de cooperación e das actuacións financiadas con recursos da cooperación galega. Con este fin, os plans anuais da cooperación galega integrarán un plan anual de avaliacións e estudos. Durante a execución do V Plan director, implementaranse as orientacións e recomendacións do Documento marco de avaliación da cooperación galega.

60. O sistema de seguimento estará integrado polos seguintes insumos, que serán accesibles á cidadanía galega e aos axentes e actores galegos de cooperación:

- Informes anuais de seguimento/memorias anuais de xestión.
- Informe da análise intermedia do V Plan director.
- Estudos financiados pola DXRREE e UE.
- Informes das avaliacións dos proxectos xestionados polos axentes de cooperación.
- Visitas aos proxectos de cooperación ou acción humanitaria polos responsables e persoal técnico da cooperación galega.


61. Este plan director someterase no segundo semestre de 2024 a unha análise intermedia externa do bienio 2023/24, para o que se empregarán os datos do sistema de seguimento. No segundo semestre de 2026, realizarase a avaliación final externa participativa e independente do V Plan director. A análise intermedia e a avaliación final contribuirán á aprendizaxe e facilitarán o uso dos seus resultados en todos os niveis de responsabilidade, que, ademais, serán empregados para render contas á cidadanía, ao Goberno da Xunta de Galicia, aos axentes galegos de cooperación e aos socios de desenvolvemento. Os informes resultantes do seguimento da execución anual do V Plan director e da súa avaliación intermedia e final serán presentados ante o Parlamento de Galicia e o Congacode.



**MARCO
ORZAMENTARIO**

62. Os recursos orzamentarios dispoñibles definiranse tomando como base a dotación orzamentaria do Programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento, aprobado na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023:

No horizonte do 0,7 %, o Programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (8.915.485 €). Garantirase, ademais, un crecemento anual deste programa igual ou superior ao incremento porcentual anual dos gastos non financeiros xerais previstos na devandita lei.

A background network diagram consisting of numerous blue dots (nodes) connected by thin blue lines (edges), forming a complex web of connections. A large, solid blue circle is centered in the upper half of the page, overlapping the network.

MARCO DE RESULTADOS E INDICADORES

RESULTADOS DE XESTIÓN	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES ¹
R.X.1. A cooperación galega aliña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os ODS	<i>L.A.1.1. Contribuír á coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable en todos os niveis da Administración pública galega</i>	1.1.1. Grao de participación da DXRREE e UE nas iniciativas e espazos da Xunta de Galicia para a implementación e o logro da Axenda 2030.
	<i>L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento</i>	1.2.1. Número de xuntanzas do Congacode e dos seus grupos de traballo. 1.2.2. Número de comisións ou grupos de traballo operativos dentro do Congacode.
	<i>L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios e a solvencia da cooperación galega</i>	1.3.1. No horizonte do 0,7 %, o Programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (8.915.485 €). Garantirase, ademais, un crecemento anual deste programa igual ou superior ao incremento porcentual anual dos gastos non financeiros xerais previstos na devandita lei. 1.3.2. Como mínimo, executado o 95 % do orzamento operativo anual da DXRREE e UE previsto nos plans anuais da cooperación galega.
	<i>L.A.1.4. Promover a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación</i>	1.4.1. Achegas económicas doutros departamentos da Xunta de Galicia a actividades de cooperación exterior, acción humanitaria e educación para a cidadanía global.
R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia	<i>L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina</i>	2.1.1. Como mínimo, o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.

¹Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do V Plan director no 2026.

RESULTADOS DE XESTIÓN	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES
	<i>L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo</i>	2.2.1. Como mínimo, o 20 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos países menos adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo.
	<i>L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais</i>	2.3.1. Axuda desembolsada a través de programas no exterior e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e porcentaxe que representa sobre o total da axuda desembolsada en cooperación exterior e educación para a cidadanía global.
R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas	<i>L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior</i>	3.1.1. Como mínimo, o 60 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destínase aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento. 3.1.2. Como mínimo, o 20 % da AOD distribuíble sectorialmente da Xunta de Galicia destínase a servizos sociais básicos. 3.1.3. Número de estratexias elaboradas de xeito participativo.
	<i>L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade</i>	3.2.1. Como mínimo, o 20 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE no exterior destínase á acción humanitaria. 3.2.2. Número de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada. 3.2.3. Achegas económicas ao fondo humanitario común coordinado pola AECID ou instrumentos análogos realizadas pola Xunta de Galicia.

RESULTADOS DE XESTIÓN	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES
	<i>L.A.3.3. Mellorar a calidade e o impacto da educación para a cidadanía global</i>	<p>3.3.1. Como mínimo, o 15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global.</p> <p>3.3.2. Axuda desembolsada a través de programas de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e porcentaxe que representa sobre o total da axuda desembolsada neste ámbito estratéxico.</p>
R.X.4. Os axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS	<i>L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española</i>	<p>4.1.1. Grao de participación nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.</p> <p>4.1.2. Achegas á planificación e sistema de xestión de coñecemento info@od da cooperación española.</p>
	<i>L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos axentes galegos de cooperación</i>	<p>4.2.1. Número de proxectos en agrupación financiados a través das convocatorias da DXRREE e UE e porcentaxe sobre o total da axuda desembolsada a través de convocatorias dirixidas a axentes de cooperación.</p> <p>4.2.2. Número de alianzas de traballo multiactor nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios promovidas ou apoiadas pola DXRREE e UE.</p>
	<i>L.A.4.3. Impulsar a colaboración cos axentes de cooperación da lusofonía</i>	<p>4.3.1. Número de actividades financiadas pola DXRREE e UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación da lusofonía.</p> <p>4.3.2. Porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e UE en cooperación e acción humanitaria nos PALOP.</p>

RESULTADOS DE XESTIÓN	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES
<p>R.X.5. Os axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS</p>	<p><i>L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento</i></p>	<p>5.1.2. Número de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.</p>
	<p><i>L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, do Fondo Galego e das universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento</i></p>	<p>5.2.1. Número de convenios formalizados pola DXRREE e UE coa Coordinadora Galega de ONGD, co Fondo Galego e coas universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.</p>
	<p><i>L.A.5.3. Apoiar a formación e a capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación</i></p>	<p>5.3.1. Número de actividades de fortalecemento, formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, co Fondo Galego e coas universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.</p> <p>5.3.2. Número de bolsas concedidas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento.</p>
	<p><i>L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos axentes de cooperación</i></p>	<p>5.4.1. Número de encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos axentes de cooperación realizados.</p> <p>5.4.2. Número de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento, dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas.</p> <p>5.4.3. Número de avaliacións das intervencións financiadas.</p> <p>5.4.4. Grao de implementación das orientacións e recomendacións do Documento marco de avaliación da cooperación galega.</p>

RESULTADOS DE XESTIÓN	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES
	<i>L.A.5.5. Darlle continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes de cooperación</i>	5.5.1. Ata o 70 % do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos especializados.
	<i>L.A.5.6. Facilitar o acceso dos axentes galegos de cooperación a fontes de financiamento nacional e internacional</i>	5.6.1. Número de proxectos cofinanciados pola cooperación galega aos axentes de cooperación financiados por outras axencias doadoras nacionais ou internacionais.
	<i>L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega</i>	5.7.1. Como mínimo, o 75 % da axuda desembolsable aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE canalízase a través de convocatorias públicas.
R.X.6. A cidadanía galega e os axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS	<i>L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación</i>	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da cooperación galega. 6.1.2. Número de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega.
	<i>L.A.6.2. Render contas á cidadanía galega e aos axentes de cooperación sobre os resultados da política pública de cooperación</i>	6.2.1. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externa participativa e independente da execución do V Plan director da cooperación galega realizadas e difundidas. 6.2.2. Número de actividades no Parlamento de Galicia relativas á cooperación galega. 6.2.3. Número de actividades de presentación de resultados da cooperación galega e rendición de contas aos axentes de cooperación no Congacode.



XUNTA
DE GALICIA